

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE CARNOTA A MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS (PEL REACTIVA DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

Extracto da Resolución número 552, de 4 de novembro de 2020 da Presidencia do Concello de Carnota, pola que se aproban as BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE CARNOTA A MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS (PEL-REACTIVA/DEPUTACIÓN)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria e as BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE CARNOTA A MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS (PEL-REACTIVA/DEPUTACIÓN); cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/inde4x>

1.º. Persoas beneficiarias.

1.–Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

- **Grupo I:** Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
- **Grupo II:** Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- **Grupo III:** Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.
-

2.º. Obxecto e finalidade. A finalidade destas axudas é facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas dos municipios adheridos ao Fondo de Financiamento, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID-19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico

3.º. Bases reguladoras. A presente convocatoria réxese polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 123 de 05/08/2020, e no BOP número 128 de 12/08/2020, dispoñibles en

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/05/2020_0000005419.pdf

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/12/2020_0000005589.pdf

4.º. Importe. O crédito destinado a esta subvención ascende á cantidade de 60.246,82euros.

5.º. Prazo de presentación de solicitudes. O prazo de solicitude no concello de Carnota por parte das microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal, iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, da convocatoria específica de axudas do concello e finalizará ás 14.00 horas do día 25 de novembro de 2020.

Carnota 4 novembro 2020
O Alcalde